CONCELLO DE CUNTIS
(Pontevedra)
22 XAN. 2016
ENTRADA Nº 230/16

veciñanza

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE VECIÑANZA PARA A INTERVENCIÓN CONTRA AS ENCHENTES PRODUCIDAS POLOS DESBORDAMENTOS DO RÍO GALLO NO CENTRO DA VILA

Ao pleno da Corporación de Cuntis

Saleta Fernández de la Torre e Santi Martínez López, na nosa condición de concelleiros do Grupo Municipal de Veciñanza, ao abeiro do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presentan diante do Pleno da Corporación Municipal a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

De xeito recurrente moitos veciños e veciñas de Cuntis están a sufrir os estragos producidos polas enchentes do río Gallo e algúns dos seus afluentes, motivo polos que dende o Concello se aprobaron distintas mocións para instar ás Administracións implicadas na súa solución a que adoptaran as medidas oportunas para evitar estes danos. A seguir presentamos unha breve cronoloxía:

- No pleno do 27/12/1996 debatiuse unha moción de apoio aos veciños/as sobre as enchentes da rúa Bernardo Sagasta, solicitando un estudo sobre esa problemática, así como a forma en que afectaría no futuro a variante da estrada N-640. Recoñécense unha serie de circunstancias que dan orixe a este problema, tales como o colector da Rúa da Presiña que vai a Bernardo Sagasta, a depuradora que recolle augas do río, etc.

- No mes de abril de 1997, o enxeñeiro D. Julio Amado Silva redacta un informe no que propón solucións ao problema baixo o cumprimento dunha serie de puntos indicados.

- Naquela altura, ADEGA (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza) denunciaba diante do presidente do organismo Augas de Galicia do agravamento do problema por mór das obras da variante da estrada N-640, xa que a vía réstalle cauce ao río e actúa de barreira illando deste as zonas húmidas que viñan actuando de "esponxa", minguando así os efectos das riadas.

- Asemade, o Ministerio de Fomento en contestación ao Concello ante a reclamación feita por este sobre as incidencias da obra da variante, suliñaba que o afluente do río Gallo sálvase mediante dous tubos de drenaxe transversal de 1,00 m de diámetro.

- Nos anos 2000 e 2001 seguen a producirse inundacións en todas as casas da rúa Bernardo Sagasta.

- Ante isto o concello de Cuntis decide por fin encargar un estudo para determinar as afeccións que provocan as riadas e as súas posibles solucións. O devandito estudo, realizado polo enxeñeiro D. Gonzalo Picola Tayán e presentado publicamente en setembro de 2001, achega solucións ao problema calculando un investimento de 739.625,01 €.

- Lonxe de arranxarse o problema, e como consecuencia das fortes choivas rexistradas nos meses de novembro e decembro de 2006, o desbordamento do Río Gallo e os seus afluentes provocan cuantiosos danos materiais, tanto nas casas e instalacións privadas como públicas. O mesmo aconteceu en decembro de 2009, xaneiro de 2011 e novembro de 2013.

- Na visita do conselleiro de Medio Ambiente a Cuntis o 5 de novembro de 2013, anunciou que o seu departamento estaba a realizar un estudo de todas as zonas inundables de Galicia, pero Agustín Hernández non se comprometeu, nin anunciou obra ou investimento ningún para solucionar este problema en Cuntis.

veciñanza

- En xaneiro de 2014 volven a producirse inundacións e no pleno do 31/01/2014 aprobase unha moción na que se acorda:

> 1. *Solicitar a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas o saneamento do Río Gallo, para previr e evita-los danos debidos as enchentes e asolagamentos*
> 2. *Esixirlle ao Ministerio de Fomento unha solución, xa que como se puido comprobar, en reiteradas ocasións, a tubaxe do regato de Calvos que cruza a estradas n-640 (vella e actual) a través de dúas tajeas (unha de 2 Ø 80 cm. e outra de 2 Ø 100 cm.) ten un dimensionado insuficiente para absorber todo o caudal nos días de choiva, provocando o efecto presa.*
> 3. *Esixir a Augas de Galicia a limpeza do Río Gallo e afluentes, ante a cantidade de arbores e maleza que invaden as súas canles.*

A contestación do Sr. Conselleiro a dita moción foi a seguinte:

> *"Estimado Alcalde:*
> *Escribolle en resposta ao seu escrito de 14 de febreiro de 2014, no que trasladaba o acordo plenario de 31 de xaneiro de2 014lreferente ás enchentes producidas polo río Gallo e os seus afluentes.*
> *Como lle trasladaba na miña carta do pasado 1 de febreiro de 2013, o Río Gallo ao seu paso polo núcleo de Cuntis está identificado por Augas de Galicia como Area con Risco Potencial Significativo de lnundación (ARPSI), de acordo cos criterios da Directiva 2007l60tCE, relativa á avaliación e xestión dos riscos de inundación. En concreto, foi catalogado co código ESO14-PO-04-02-08, Como tal, para este tramo do rio estanse a elaborar os mapas de perigosidade e risco por inundacións, que serán en 2014 sometidos a consulta pública e estarán dispoñibles para o concello. Mantense ademais o compromiso de contar para 2015, de acordo co calendario establecido na Directiva, co Plan de Xestión de Risco de lnundacións, no que se detallarán as medidas estruturais e de xestión que é necesario adoptar"*

- A pesares de todos estes antecedentes, no DOG do 08/09/2014 publícase a Resolución do 19/08/2014 pola que se anuncia a apertura do período de consulta pública dos mapas das áreas de risco potencial significativo de inundacións (ARPSI) no que, consultados os distintos mapas de perigosidade e risco a zona sinalada nos mapas coma o Km 217 da N-640, onde desembocan o río da Patela e o río de Calvos no río Gallo quedan totalmente excluídas, tanto do mapa de perigosidade coma dos mapas de risco. Este recoñecemento é a base para a programación dos investimentos da Consellaría. É máis, á vista da contestación do Sr. Conselleiro, intúese que Cuntis sí que aparecía no ARPSI, e sen máis foi excluída.

- Dende a Consellaría de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas recordóuselle ao Sr. Alcalde de Cuntis o 28/10/2014 o seguinte:

> *"Dado que o seu concello tén áreas de Risco Potencial Significativo de Inundación (ARPSIs) delimitadas no seu contorno, invitámoslle a consultar a información exposta, agora en exposición pública, e a enviar as alegacións ou comentarios que estime oportuno seguindo as especificacións definidas no DOG da convocatoria. (Rexistro de entrada no Concello de Cuntis nº 5053/2014").*

- Coidamos que as únicas alegacións a esta exclusión do Concello de Cuntis foron as presentadas pola actual concelleira Saleta Fernández de la Torre e outros concelleiros/as da lexisltaura anterior nas que se esixía a

inclusión do concello de Cuntis neses mapas de risco e perigosidade: concretamente o río Gallo e os regatos de Calvos e da Patela.

Despois de todo o exposto só se xustifica a exclusión de Cuntis por un criterio político, que fixou as actuacións no río Umia entre Caldas e Cambados exclusivamente. Datos técnicos e coñecemento das necesidades deste concello teñen dabondo.
Para máis escarnio, Augas de Galicia contesta ás alegacións presentadas, (Rexistro de saída 23/12/2015) e recibidas o día 08/01/2016, estando Cuntis anegado, vén a dicirnos:

> *En relación as medidas propostas: saneamento do Río Gallo e afluentes, aumento da tubaxe do regato de Calvos e a inclusión do Km 217 da N-640 onde desemboca o río da Patela e o río de Calvos, no río Gallo, que nos mapas de risco e perigosidade incluironse as zonas con maior risco e que DENTRO DE 6 ANOS, CANDO SE ACTUALICEN , COMO É REGULAMENTARIO ESTES MAPAS DE RISCO E PERIGOSIDADE SE TERÁN EN CONTA ESTAS PROPOSTAS.*

A Administración do Estado ten coñecemento, no que lle atinxe (Regato de Calvos), dos problemas que está a ocasionar a falta de capacidade da tubaxe instalada no seu día. Mesmo ten constancia dos danos que ocasiona posto que o Consorcio de Compensación de Seguros indemnizou a moitos veciños/as de Cuntis polos danos ocasionados debido aos reiterados asulagamentos.

Nesta ocasión algunha das vivendas sufriu o refluxo de augas fecais que coidamos pode vir provocado polo propio tanque de tormentas. O tanque de tormentas foi vendido no seu día coma unha das actuacións máis relevantes que ía realizar Medio Ambiente para solucionar as enchentes, con capacidade para reter 330 metros cúbicos de auga permitiría mellorar o funcionamento da EDAR sobre todo en época de choivas, pois bombearía de forma progresiva evitando o colpaso da depuradora (Diario de Arousa 06/11/2013). Non tiveron en conta un "pequeno" detalle, o tanque foi construido en zona anegable o que invalida en épocas de enchentes calquer función que lle sexa encomendada, tal e como quedou demostrado este nadal.

Asimesmo, e sen chegar a rebordar o río Gallo, a rúa Bernardo Sagasta xa sufriu problemas na rede de saneamento, con atoamentos que provocaron verquidos de augas residuais, o que vén a confirmar que a actuación realizada pola Xunta de Galicia foi deficiente ao non dimensionar correctamente a rede de sumidoiros e as súas necesidades. É obvio que procede unha nova actuación na mesma.

Está tamén pendente a construción da nova depuradora, prevista ao lado da actual. O goberno popular do señor Pena non foi quen de adquirir os terreos necesarios para o emprazamento da nova infraestrutura, en nota de prensa publicada no Diario de Arousa o 16/01/2013 confírmanse as conversas do Concello cos propietarios dos terreos e o propio Pena declara que o acordo está próximo. Vinte meses máis tarde, concretamente o día 27/09/2014, o Director da Axencia Galega de Infraestruturas anuncia que dado que o Concello non foi quen de acadar os terreos para a nova depuradora será a Xunta a que se encargue da adquisición dos mesmos (Diario de Arousa 27/09/2014). Dende o primeiro intento de construción dunha nova depuradora pasaron xa 3 anos.

Á vista do relato exposto é evidente que por parte da Xunta de Galicia estase a ningunear a este concello, con investimentos que pouco ou nada solucionaron, polo que é imprescindible manter unha xuntanza con todos os responsables para dunha vez por todas solucionar esta problemática.

POR TODO O EXPOSTO, E ANTE A URXENTE NECESIDADE DE ADOPTAR MEDIDAS REAIS PARA ABORDAR ESTE PROBLEMA, PROPOÑEMOS Á CORPORACIÓN MUNICIPAL O SEGUINTE ACORDO:

- Esixir unha reunión cos responsables de Augas de Galicia, Axencia Galega de Infraestruturas, Delegado Territorial da Xunta e os grupos municipais nos que se concrete con datos, orzamentos e compromisos as actuacións necesarias para evitar definitivamente os danos que tanto en bens privados coma públicos nos están

veciñanza

a causar estes asulagamentos.

- Esixir os investimentos necesarios para solucionar o problema de saneamento da Rúa Bernardo Sagasta
- Considerar o cambio de ubicación da depuradora para afastala máis do núcleo de poboación da aldea de Meira e ubicala máis preto da desembocadura do río Gallo. Cómpre ter en conta que probablemente fose máis doada a adquisición dos terreos necesarios.
- Esixir ao Ministerio de Fomento que solucione definitivamente o problema xa advertido antes da construcción da variante, e ignorado polos técnicos, do paso do río de Calvos por debaixo da N-640.

Cuntis, 22 de xaneiro de 2015

Saleta Fernández de la Torre

Santi Martínez López

veciñanza

CONCELLO DE CUNTIS
(Pontevedra)
22 XAN. 2016
ENTRADA Nº 229/16

MOCIÓN CONTRA O USO DE HERBICIDAS CON GLIFOSATO NO CONCELLO DE CUNTIS

Ao pleno da Corporación de Cuntis

Saleta Fernández de la Torre e Santi Martínez López, na nosa condición de concelleiros do Grupo Municipal de Veciñanza, ao abeiro do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presentan diante do Pleno da Corporación Municipal a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Cada ano, moitos municipios empregan herbicidas de acción rápida para eliminar o que veñen denominándose "malas herbas", por mantemento dos espazos ou de cara á prevención de incendios forestais.

Pero o uso de herbicidas químicos pode ter riscos moi serios. Diferentes estudos demostran que o Glifosato, compoñente dos herbicidas de uso máis estendido como o Roundup e outras marcas comerciais, ten efectos moi tóxicos sobre a saúde e o medio ambiente. O glifosato, un herbicida total non selectivo que se emprega para matar herbas e arbustos, infíltrase no solo, é moi soluble na auga, e persistente no solo. Contamina os acuíferos, é tóxico para a fauna acuática, os animais domésticos ou o gando, e esparéxese sen control polo subsolo.

Existen estudos científicos que relacionan o uso do glifosato con afeccións e enfermidades. Entre os efectos adversos deste principio activo describíronse toxicidade subaguda e crónica, danos xenéticos, trastornos reprodutivos, aumento da frecuencia de anomalías espermáticas, e carcinoses. Ademais, cada preparado herbicida que contén glifosato vén acompañado doutras sustancias que facilitan a súa absorción y que multiplican a súa toxicidade. Entre estes ingredientes están o N-nitroso glifosato que, como outros compostos nitroxenados, son canceríxenos, e o formaldehido, outro carcinóxeno coñecido que se forma durante a descomposición do glifosato.

Recentemente a International Agency for Research on Cancer pertencente á Organización Mundial da Saúde incluíu como probables carcinóxenos a unha serie de pesticidas organofosfatados, entre eles o glifosato: http://monographs.iarc.fr/ENG/Classification/

Así, atopámonos co feito de que a aplicación dun herbicida como o glifosato en espazos públicos constitúe un risco ao que se somete á poboación, aos traballadores municipais que o empregan, ao gando, á flora e fauna, ou ao chan e ás augas, dada a súa toxicidade.

A Directiva marco para un uso sostible dos praguicidas, aprobada polo Parlamento Europeo o 13 de xaneiro

de 2009, no seu Capítulo IV, artigos 11 e 12, expón que: "Os Estados membros, tendo debidamente en conta as medidas apropiadas para a protección do medio acuático, a auga potable e os requisitos necesarios de hixiene e saúde pública e a biodiversidade, ou os resultados das avaliacións de risco pertinentes, velarán porque se minimice ou prohiba o uso de praguicidas nas seguintes zonas específicas: ao longo das estradas [...], nos espazos utilizados polo público en xeral, ou por grupos vulnerables, como os parques, xardíns públicos, campos de deportes e áreas de recreo, recintos escolares e campos de xogo e os espazos próximos aos centros de asistencia sanitaria".

A devandita directiva foi trasposta no Real Decreto 1311/2012, que establece o marco de actuación para conseguir un uso sostible dos produtos fitosanitarios, e que ten como obxectivo a redución dos riscos e os efectos do uso dos produtos fitosanitarios na saúde humana e o medio, e o fomento da xestión integrada de pragas e de formulacións ou técnicas alternativas, tales como os métodos non químicos. Este Real Decreto contempla que as súas disposicións "se entenderán sen prexuízo de que a Administración competente en cada caso poida aplicar o principio de cautela limitando ou prohibindo o uso de produtos fitosanitarios en zonas ou circunstancias específicas". Ademais das anteriores, o marco xurídico para a aplicación de herbicidas e praguicidas complétase coas seguintes normas:

Directiva Marco sobre a Auga (Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello)

Directiva Aves (Directiva 2009/147/CE do Parlamento Europeo e do Consello)

Directiva Hábitats (Directiva 92/43/CEE do Consello) Lei 33/2011, do 4 de outubro, Xeneral de Saúde Pública.

Xa son moitos os gobernos e autoridades que están a limitar ou abandonar o seu uso. Actualmente en Francia estúdase mesmo a posibilidade de prohibir a súa venda. Diversas deputacións e municipios do estado español tamén están a limitar ou erradicar o uso de herbicidas e de glifosato debido aos impactos ambientais e sobre a saúde dos seres vivos

Os Concellos, como administracións públicas de servizos á comunidade, deben liderar proxectos e accións encamiñadas a promover ámbitos de seguridade no marco da saúde pública.

Por todo o exposto propoñemos a adopción do seguinte acordo:

1. Consciente dos efectos negativos que o uso de herbicidas con glifosato levan consigo para a saúde pública, que afectan ou poden afectar á saúde das persoas e ao medio (co impacto resultante nos sectores

produtivos como a apicultura, agricultura e a destrución do emprego e da actividade económica local) e tomando como referencia a Directiva marco para un uso sostible dos praguicidas e o Real Decreto 1311/2012

veciñanza

polos que se establece o marco de actuación para conseguir un uso sostible dos produtos fitosanitarios, o Pleno do Concello de Cuntis acorda no autorizar o uso dos herbicidas con glifosato en todo tipo de lugares públicos do municipio, e substituír estes produtos por métodos mecánicos e/ou biolóxicos non contaminantes, que non danan a saúde nin o medio.

2. Nos casos concretos de conflito, o Concello solicitará por escrito ás entidades implicadas na aplicación de herbicidas que en virtude do Real Decreto 1311/2012 empreguen métodos de control alternativos, non químicos.

3. Así mesmo, este concello dirixirase á maior brevidade posible á Consellaría de Transportes e Medio, e ao Ministerio de Fomento, solicitando o abandono inmediato do uso de herbicidas derivados do glifosato no tratamento das cunetas da rede viaria que pase polo Termo Municipal, para que a protección da saúde das persoas e o medio no seu municipio sexa realmente efectiva.

4. O Concello comprométese a informar deste acordo a todos os colectivos e entidades políticas, sociais e veciñais existentes no municipio, así como a levar a cabo campañas iformativas para evitar tamén o uso doméstico de herbicidas con glifosato.

Cuntis, 22 de xaneiro de 2015

Saleta Fernández de la Torre

Santi Martínez López

veciñanza

CONCELLO DE CUNTIS
(Pontevedra)
22 XAN. 2016
ENTRADA Nº 228/16

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE VECIÑANZA PARA A MELLORA DA ACCESIBILIDADE NOS ESPAZOS PÚBLICOS DE CUNTIS

Ao pleno da Corporación de Cuntis

Saleta Fernández de la Torre e Santi Martínez López, na nosa condición de concelleiros do Grupo Municipal de Veciñanza, ao abeiro do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presentan diante do Pleno da Corporación Municipal a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A accesibilidade en igualdade de condicións para todos e todas é unha demanda inaprazable na sociedade actual. O estado actual desta materia no noso municipio resulta manifestamente mellorable, tanto nas rúas, como nos edificios públicos, así como en parques e xardíns.

Cremos, que non hai a suficiente conciencia e empatía co cidadán que ten dificultades de mobilidade, polo que, deberiamos poñernos no lugar do outro, para así poder entendelo e coñecer cales son as súas necesidades e desexos.

A *Lei 10/2014, de 3 de decembro, de accesiblidade*, recolle a obriga de garantirlle ás persoas con discapacidade a igualdade de oportunidades en relación coa accesibilidade universal e co deseño para todos respecto dos contornos, procesos, bens, produtos e servizos, así como en relación cos obxectos ou instrumentos, ferramentas e dispositivos, de modo que estes se fagan comprensibles, utilizables e practicables por todas as persoas, en igualdade de condicións de seguridade e comodidade e do xeito máis autónomo e natural posible. Baseada en principios como:

- Accesibilidade universal.
- Deseño para todas as persoas.
- Inclusión social.
- Igualdade de oportunidades.
- Vida independente.
- Diálogo civil.
- Normalización.
- Transversalidade.

O seu ámbito de aplicación deben ser levada a cabo na Comunidade Autónoma de Galicia por entidades públicas ou privadas, así como polas persoas individuais, en materia de:

- Espazos público urbanizados, infraestruturas e edificación.
- Transportes.
- Telecomunicacións e sociedade da información.
- Bens e servizos á disposición e ralacións coas administración públicas.

É deber da administración garantir a accesiblidade e a utilización dos bens e servizos da sociedade, a todas as persoas e, especialmente, a aquelas con moblidade reducida ou con claquera outra limitación física, psíquica ou sensorial, de xeito permanente ou temporal.

Para isto debemos comezar pola adaptación dos espazos públicos, como sería o propio edificio do Concello, xa que para unha persoa con mobilidade reducida, ou usuaria de cadeira de rodas é case imposible acceder por si sóa ao

interior do edificio, e moito menos ir a determinadas dependencias (alcaldía, salón de plenos…).

Tamén é necesario destacar que os parques infantís non están acondicionados para que as crianzas con mobilidade reducida, usuarios de cadeiras de rodas, ou con discapacidade visual, poidan desfrutar deles.

A accesibilidade beneficia principalmente aos veciños que residen neste concello, pero tamén o sería para todos/as os/as que nos visitan en calidade de turistas. Polo que deberamos ter en conta que, dispor dun Concello libre de obstáculos sería un gran atractivo turístico, o que repercutiría moi positivamente na vila. Non esquezamos que os grupos/asociasociación de discapacitados, móvense, especialmente, a eses lugares onde se lle poñen as cousas fáciles e se lles permite levar unha vida normal, libre de ataduras. Sobre todo, debemos darnos conta, que o turismo accesible non só é bo para as persoas con discapacidade ou con necesidades especiais; é bo para todos. Eliminar as barreiras arquitectónicas é un dos factores chave para o desenvolvemento do turismo accesible.

POR TODO O EXPOSTO, O GRUPO MUNICIPAL VECIÑANZA SOMETE A APROBACIÓN DO PLENO A ADOPCIÓN DOS SEGUINTES ACORDOS:

1. Desenvolver un Plano Municipal de Mellora da accesiblidade dos espazos públicos, tanto no casco urbano, como nas diferentes parroquias, que de xeito inmediato identifique e suprima as barreiras arquitectónicas en espazos e edificios públicos.

2. Priorizar o cumprimento da lei de accesibilidade e aplicar a empatía coas persoas con mobilidade reducida á hora de proxectar obras e intervencións públicas.

3. Fixar este criterio para pular por un municipio libre de barreiras arquitectónicas que nos sitúe como referencia de concellos accesibles para a súa adecuada promoción turística.

Cuntis, 22 de xaneiro de 2015

Saleta Fernández de la Torre

Santi Martínez López